

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ACORDO do 8 de xullo de 2025, da Zona Sur, polo que se somete a información pública a solicitude presentada por Unión Fenosa Distribución Electricidad, S.A., de concesión administrativa no porto de Tragove e Cambados (Santo Tomé), con destino á ocupación do dominio público portuario soterrado e en superficie para realizar a actividade de subministración de electricidade (expediente 13-07-22-C3).

A Presidencia de Portos de Galicia acorda o inicio de trámite da solicitude de concesión administrativa presentada por Unión Fenosa Distribución Electricidad, S.A. no porto de Tragove e Cambados (Santo Tomé), con destino á ocupación do dominio público portuario soterrado e en superficie para realizar a actividade de subministración de electricidade (expediente 13-07-22-C3), de acordo coa solicitude presentada polo concesionario.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 236, do 14 de decembro), faise público este trámite para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas.

O prazo para presentar alegacións será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. A presentación de alegacións será obrigatoriamente de forma electrónica para as administracións públicas, persoas xurídicas e persoas representantes dalgunha das anteriores. Empregarase o procedemento xenérico PR004A da sede electrónica da Xunta de Galicia. A documentación está dispoñible na ruta web www.portosdegalicia.gal→Comunicacións e avisos→Procesos de información pública.

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as súas alegacións por escrito nas oficinas da Zona Sur de Portos de Galicia, sitas na rúa Víctor Saíd Armesto, 1, 1º, 36002 Pontevedra, ou en calquera dos lugares ou rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Pontevedra, 8 de xullo de 2025

Iban Rodríguez Fernández
Xefe da Zona Sur

